

OS AMORES DE MARIE ANNE PAULZE.

Parte I: Os Amores Desinteresados

Ana M. González Noya

Xoana Pintos Barral

Manolo R. Bermejo

Dpto. de Química Inorgánica

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

A experiencia vital de Marie Anne Paulze foi completa ao longo da súa moi lonxeva vida. Cando exploramos a súa existencia centrámonos tan só, ou case sempre, en que foi a muller do gran Lavoisier, o xenio ou “Pai da Química” moderna e chamámola, a ela, como a “*Nai da Química*”. De cote esquecemos que a historia de Marie, ao lado de Antoine, foi moi curta: tan só vinte e tres anos; pero para Marie quedaban, aínda, unha vida plena de máis de 40 anos, ata alcanzar a idade de setenta e oito anos.

Para comprender mellor a biografía e a obra de Marie Anne Paulze Lavoisier cómpre estudar e entender a súa traxectoria. Nesta comunicación centrarémonos en analizar algúns dos moitos amores desinteresados que tivo Marie Anne ao longo da súa vida, deixaremos de lado a súa vida científica e a de *salonniere*, que xa foi considerada noutras comunicacións presentadas por nós en ENCIGA.

Contaremos nesta comunicación como se xeraron os seus amores familiares, e como estes desencadearon o seu amor cara a cultura no seu máis amplo espectro. Este amor pola cultura haa poñer en contacto coa Ciencia e con quen será o seu grande amor: Antoine Lavoisier. Mais tamén cos seus grandes desamores.

A obra de Marie Anne Paulze Lavoisier, e tamén a súa vida, merecen ser coñecidas por todo o mundo, pero particularmente polas mocidades de hoxe, como un exemplo da historia da ciencia.

No noso interese por presentar modelos femininos que poidan servir para a formación do noso alumnado; pero ao mesmo tempo para **Instruír, Ensinar e Divertir** aos asistentes a esta ponencia amosaremos seguidamente algúns dos moitos Amores Desinteresados de Marie Anne Paulze Lavoisier, encadrados na súa época e no contexto da historia da ciencia.

2. O amor familiar e os amores da infancia

Os amores esenciais de Marie Anne, os que están relacionados cos seus pais e coa cultura, van ser consecuencia da educación recibida nos seus primeiros anos de vida.

2.1. Os amores derivados da educación relixiosa no convento

Os amores desta etapa serán os propios do lugar onde reside e os escasos lazos familiares, dado que o seu pai vana buscar ao convento periodicamente para levala a comer coa familia e para que coñeza e ame aos seus irmáns. Os amores que Marie coñece e practica no convento son: os dedicados á relixión católica, que practica asiduamente; o amor á familia, que lle ensinan as monxas; o amor pola aprendizaxe global, que lle inculcan as súas educadoras.

2.2. Os amores familiares

En decembro do ano 1769 o seu pai decide, por conveniencia, sacala do convento para incorporala á súa casa; onde vai ter a misión de ser a *salonniere* e rexedora da mesma.

A familia paterna –o seu fogar- foi un lugar, en certo modo escuro, que Marie endexamais gozou. Puido permanecer, no interior do seu maxín, como algo para construír idealizándoo; pero non tivo tempo para chegar a enchelo de imaxes; a vida intensa e plena que vai vivir en canto se case con Lavoisier non lle deixará nin tempo nin espazo nin repouso para chegar a construílo.

2.3. O amor á cultura

A súa formación cultural iniciouse baixo a dirección das nais salesas, onde aprendeu canto unha nena precisaba para chegar ser unha dama da sociedade paríseña do seu tempo: música; canto e danza; estudos básicos de ciencias; educación social; urbanidade; coñecemento das linguas e da oratoria; etc. Na educación familiar seguirá afondando nestes amores cara un máis amplo coñecemento, coidando a súa aprendizaxe e formación, neste

momento iniciará o seu amor pola ciencia. No salón da súa casa, rodeada de científicos, e de modo especial de quen vai ser o seu home –Lavoisier- aprecia e saborea o que é o coñecemento científico.

2.4. Os amores coas familias de amigos

Moitas foron as familias que deixaron pegada en Marie. A máis da súa propia, moitas outras se ocuparon da súa educación e lle deron o seu agarimo e amor.

a) A familia DuPont de Nemours

Pierre Samuel DuPont nacera no ano 1739, era catro anos maior que Lavoisier e un pouco máis novo que Jaques Alexis Paulze. Coñece a Marie Anne dende que nace e sabe da súa orfandade; un home solteiro e maior coma el, halle coller cariño a esa neniña. Samuel asistía periodicamente ao salón dos Paulze e, posteriormente, tamén asistirá ao salón de Marie e Antoine, tanto na súa casa matrimonial coma no Arsenal; por todo isto o amor entre Samuel e Marie aparecerá como froito do trato e da convivencia.

Non fica moi claro cando se inician os galanteos de Samuel para con Marie, aínda que serían sobre o ano 1781, cando Marie conta con 24-25 anos, e durarían uns 10 anos. En que momento advertiu Samuel que, Marie, xa non era unha nena, senón una muller. Cando considerou que a formación de Marie Anne era importante para compartir con ela o seu tempo, non xa como preceptor, senón coma un namorado? En que momento o amor completo pasou a ocupar o lugar do amor paternal? A partir de cando se decatou, Samuel, de que o seu amigo Lavoisier non era quen de encher por completo o corazón e os gozos de Marie, e decidiu pasar a ocupar parcialmente ese lugar? Samuel foi un dos amantes de Marie, desde cando? Por canto tempo? Estas respostas merecerían un máis demorado estudo.

Sabido é que o amor nace, se desenvolve, esmorece e morre, pero este non foi o caso desta parella, xa que o amor que Samuel sentiu por Marie foi eterno, durou ata a morte deste. Foi Marie quen abandonou esta relación de amor físico, pero nunca rexeitou o amor intelectual e moito menos a súa imperecedoira fraternal amizade.

b) A familia Necker

Foi unha das familias que máis influíu sobre a vida da parella Antoine e Marie e unha das que máis pegada deixaron na súa vida de parella. A relación destas familias será duradeira e moi intensa, ata que Antoine morre no ano 1794. Necker non poderá facer nada por salvalo,

pois andaba fuxido dos comités revolucionarios que o tiñan tamén condenado a morte, e a súa muller Suzane Curchod estaba xa detida e condenada a morte.

Madame Staël ou Anne Louise Germaine Necker, baronesa de Staël Holsteir, era a filla de Necker e de Suzane, nacente en Xenebra no ano 1766, será tamén moi amiga de Marie.

c) A familia Guyton de Morveau

O matrimonio Guyton de Morveau formou parte do núcleo central dos científicos do Arsenal e, sendo notablemente maiores que os Lavoisier, ocupáronse da formación social do matrimonio Lavoisier con especial agarimo e dedicación; Claudine Poulet aplicárase na formación de modo especial de Marie Anne, establecéndose entre elas unha forte amizade e amor.

d) A familia Condorcet

Marie Anne coñece a Nicolás Condorcet cando coñece a Antoine, pois ambos son compañeiros e amigos de sempre e asisten xuntos ás mesma tertulias. Cando se forme o matrimonio Condorcet, tanto Marie como Antoine estarán aló e, Marie, hase converter na educadora de Sophie de Couchy, iniciando unha relación de amizade que duraría alén de enviuvaren ambas.

Antoine e Condorcet comprometéronse coa Revolución; pero desde o ano 1792 son críticos coas medidas políticas que se están tomando: Condorcet escribe contra da Convención Republicana e será condenado a morte, como Antoine, por ser absentista tamén. Ambos morrerán no ano 1794. A amizade das familias foi grande na vida dos homes, pero continuou, logo das súas mortes, entre as mulleres.

e) A familia Saussure

Esta familia será outra das que deixen forte pegada na vida de Marie Anne. A relación científica entre os suízos, Saussure, e os franceses, Lavoisier, será sempre moi intensa. Os fillos do matrimonio Saussure, Nicolás e Albertine, serán amigos de Marie para sempre e a francesa faralles visitas con frecuencia na casa familiar en Suíza; de modo especial cando se atope deprimida e lle cómpre terapia de ser escoitada.

3. Os amores masculinos de Marie Anne

Moitos foron os amores masculinos cos que contou Marie Anne na súa vida, uns interesados, os máis desinteresados e preocupados polo seu beneficio persoal.

3.1. Os amores de Marie Anne para cos seus Mestres

a) *Os seus educadores culturais*: Thiriot, Bladgen, Priestley, Franklin, DuPont, David,... encargáronse de ir construíndo os seus coñecementos de latín, da cultura clásica, das linguas modernas, etc.

b) *Jacques Lous David* é 10 anos maior que Marie e foi outro dos seus amores. Non está moi claro se Marie se namorou de David ou se simplemente o namorou para acadar os obxectivos de aprender a debuxar, pintar, gravar, facer esquemas e deseñar os instrumentos que cumprían no laboratorio; pero a realidade sinala que iniciaron o seu traballo de adestramento sobre o ano 1784. Non se sabe con certeza se o namoramento era mutuo; pero si parece claro que David, estaba engaiolado de Marie, como se evidencia no seu comportamento pola época e, de modo especial, na gran pintura ao óleo que realiza, entre os anos 1787-1790, para o matrimonio Lavoiser. De David recibirá clases de debuxo e pintura; con el falará de arte; con el acudirá á ópera e a festas sociais;...etc. Esta amizade-namoramento rachou de seguro no período do terror, cando o artista e revolucionario David non foi quen ou non quixo interceder na salvación da vida de Antoine.

c) *Os seus educadores nas ciencias sociais*: Quesnay, Turgot, Necker, DuPont, Paulze, Helvetius, Condorcet, Lavoisier,...etc., moitos deles deixaron unha fonda pegada no sentir e na formación de Marie.

d) *Os seus educadores científicos*: Bucquet, Gengembre, os amigos do Arsenal, Lavoisier, etc. Todo canto cientificamente chegou a ser Marie procede das súas aptitudes e das súa actitudes, certo; pero chegou onde chegou pola dedicación e o agarimo continuado dos seus mestres.

3.2. Os amores de Marie Anne cos amigos do Arsenal

a) Claude Louis Berthollet

Os vínculos de amizade e de sociedade co matrimonio Berthollet foron moi intensos ata o ano 1794. Nese momento, Marie, considerou a Berthollet un traidor por deixar morrer a

Antoine, sen defendelo. Por que non o defendeu se podía facelo? Marie estivo sen falarlle máis de dez anos, pero cando publicou as “*Memoires de Chimie*” de Lavoisier, volveron ser amigos e continuaron a selo ata a morte de Claude.

b) Antoine Francoise de Fourcroy

Fourcroy era da idade de Marie e aceptou as ideas de Lavoisier ao tempo que o seu mestre Bucquet. Fourcroy foi moi crítico contra das actuacións de Antoine como *absentista* e como membro da Academia das Ciencias, chegando a solicitar o peche da Academia. Marie endexamais lle perdoou o seu proceder. Estaba en condicións de salvo? E, se foi así, por que non o salvou?

c) Pierre Simon LaPlace

Este matemático e astrónomo da época, especialista en cálculo de probabilidades e de matemáticas en xeral, era da idade de Antoine e un convencido das ideas modernas de Lavoisier. Foi amigo de Marie toda a vida, mesmo cando Napoleón o consagrou sabio oficial e lle concedeu o título de marqués.

3.3. Os amores cos científicos máis novos do Arsenal

a) Henri Hassenfrantz

Era enxeñeiro de minas e un dos discípulos predilectos do Profesor Monge, amigo de Lavoisier. Tiña a idade de Marie e uniunos para sempre unha verdadeira amizade.

b) August Adet

Era cinco anos máis novo que Marie e foi o substituto de Henri, cando este abandonou o seu posto no Arsenal. August fixo traballos de todo tipo, durante o tempo que traballou da man de Marie. Ela foi a súa preceptora e educadora durante os primeiros anos e leváronse moi ben durante toda a vida en común no laboratorio.

c) Armand Seguin

Foi o máis novo dos alumnos do Arsenal. Armand Seguin estaba alí para iniciarse na investigación; servir como cobaia nos experimentos sobre a respiración; axudar a Marie na recolección de datos; colaborar na redacción das memorias; etc. Será un gran investigador e Marie Anne hao inmortalizar nas súas famosas sanguinas.

3.4. Os amores cos membros da Sociedade de Arcueil

A formación completa de Marie Anne, non rematou coa morte de Lavoisier, senón que continuou toda a súa vida: a formación científica continuaría, entre outros salóns, no da sociedade de Arcueil fundado no ano 1806. Marie Anne será invitada a todas as sesións de Arcueil, mentras funcionou, e a elas acude sempre que pode, as máis das veces acompañada do seu amigo inglés, sempre namorado, Charles Bladgen.

3.5. Os amores procedentes dos amigos da familia Lavoisier-Paulze

Moitos foron os amigos de Antoine Lavoisier cos que Marie Anne tivo relación amorosa ou de amizade e dos que aprendeu de todo. A seguir describiremos algunhas desas relacións presentando algúns dos colegas de Gran Bretaña que pasaron polas tertulias do Arsenal e remataremos comentando algo sobre amigos americanos.

a) Os Amigos Ingleses

Moitos foron os ingleses, sobre todo científicos (Charles Bladgen, Watt, Priestley, Young, Gillant, Banks, etc.) que tiveron relación de amizade co matrimonio Lavoisier:

- Joseph Priestley

Priestley foi un apaixonado predicador inglés ao tempo que un revolucionario a prol dos insurxentes americanos das Trece Colonias e un moi destacado científico da época. Por todo elo terá que fuxir de Inglaterra no ano 1885 para salvar a súa vida e será acollido no círculo dos Lavoisier.

- Arthur Young

Marie foi a tradutora e introdutora na vida científica e social de París deste científico inglés interesado na agricultura. Young ve a Marie Anne como unha muller moderna, cando ela ten 30 anos Young conta 46, e quedou prendado da súa forma de ser e mesmo ficou namorado para toda a súa vida. Trala morte de Antoine, volverase máis asiduo nas visitas a Marie facéndolle propostas matrimoniais. El é quen lle presentará ao conde Rumford. Serán amigos ata a morte de Young no ano 1820.

- Charles Bladgen

Charles Bladgen coñecerá ao matrimonio Lavoisier e as súas importantes investigacións no ano 1873, Bladgen era 10 anos maior que Marie, e será un dos asiduos

visitantes do laboratorio do Arsenal cada vez que acuda a París. Desde ese momento, Bladgen permanecerá perennemente namorado de Marie. Seguirá aínda solteiro, cando Marie enviue, e pediralle matrimonio –Bladgen tiña 46 anos e Marie 36-, pero ela rexeitarao con moita delicadeza, elegancia e agarimo, e sempre o considerará como un dos seus máis grandes amigos estranxeiros.

c) Os Amigos Americanos

- *Benjamín Franklin*

A relación do matrimonio Lavoisier con Benjamín Franklin nace cando este chega a París como embaixador dos recentemente nados Estados Unidos de América, no ano 1776. Durante os anos 1783-86, Marie Anne, pintará o seu retrato, como homenaxe a quen representaba os seus ideais político-científicos da Revolución.

- *Robert Morris* (ou o Gobernador Morris)

Robert Morris foi un dos banqueiros que se comprometeron coa loita pola independencia das Trece Colonias americanas. Será outro dos namorados de Marie, de modo particular durante o trienio.

4. Os amores femininos de Marie Anne

Unha nena que queda orfa aos tres anos, por forza tivo que dar pena a outras mulleres de máis idade e desenvolver, nelas, o seu amor maternal cara ela. Vexamos algunhas delas.

a) Madame Helvethius: Anne Catherine de Ligniville

Marierie coñeceu no ano 1771 a Minette, Madame Helvethius, e a experiencia que ten halle ser moi útil a Marie cando se produza o pasamento de Lavoisier.

b) Madame Staël ou Anne Louise Germaine Necker, baronesa de Staël Holsteir

Durante moitos anos, Marie e madame Staël compartirán alegrías (as tertulias, as amizades comúns, as publicacións, algúns éxitos,...); moitos pesares (os enfrontamentos co poder revolucionario); as inxustizas cometidas polos comités revolucionarios; as inxustas condenas padecidas polos seus seres queridos; as condenas a morte; a persecución sobre as súas persoas; o enviuvamento moi novas; etc.

c) Lucile Desmoulins ou Anne Lucile Philippa Loridon-Duplessis

Lucile era moito máis nova que Marie Anne, pois nace no ano 1771, poucos meses antes de casar esta. Consideramos interesante traela a este capítulo sobre o sumatorio dos amores e, neste lugar para rematar este apartado, porque Marie seguro que a coñeceu e, seguro, que padeceu moito por ela debido á súa desgraciada vida.

5. O amor e a amizade: LAVOISIER

A vida de relación familiar con Lavoisier será outra cousa; non vai ser só a dunha relación de consanguinidade, vai ser moi outra: será a da familia da Química con todo canto representaba nela Lavoisier e todos os químicos da época.

Os amores de Marie e Antoine arrincan do momento en que, Marie con 13 anos, vese obrigada a pensar en casar co toleirán do conde de Amerval e négase a facelo. Nese momento coñece a un home, Antoine, ben parecido, algo maior que ela, con moito máis mundo e cunha formación moito máis coidada e completa, que fala con ela considerándoa non coma unha nena senón coma un igual a quen se lle pode falar de calquera tema e mesmo propoñer problemas vitais do máis diversos para discutilos. É doado comprender que esa nena se namore de Lavoisier.

A nova parella de namorados comeza unha nova vida de felicidade conxugal e, axiña, descubren que non poderán ter fillos e, xa que logo, non acadarán unha vida matrimonial convencional: Marie terá un embarazo, con 15 anos, pero perde o bebé e non poderá volver a quedar encinta. A formación da dama era, nese momento, a que correspondía á súa idade; unha educación boa pero limitada e insuficiente, por iso, xuntos planifican un proceso de formación o máis completo posible. Con todo, o máis importante da preparación que lle vai legar Antoine será o seu concepto de educación na liberdade.

6. Remate

Pretendiamos nesta comunicación presentar como foron os amores en positivo de Marie Anne Paulze. Centrémonos nos seus amores desinteresados e queriamos pasar un rato divertíndovos e informándovos sobre como era a vida da sociedade científica francesa do século XVIII, na época na que traballou o matrimonio Lavoisier. Confiamos ter espertado o voso interese para

que poidades seguir a investigar sobre esta apaixonante época da historia da nosa ciencia; de modo particular esculcando na vida e na obra de todas cantas mulleres viviron a carón de Marie así como dos científicos que traballaron nesta apaixonante época.

7. Bibliografía

1. PINTOS BARRAL, Xoana e BERMEJO PATIÑO, Manuel R. (2010). “Marie Anne Paulze, ilustradora e deseñadora industrial”. Boletín das ciencias, ISSN 0214-7807, Ano 23, nº. 71, pp. 81-82.
2. BERMEJO PATIÑO, Manuel R. e PINTOS BARRAL, Xoana (2011) “Marie Anne Paulze: muller de casa, salonniere, científica ou que?” Boletín das ciencias, ISSN 0214-7807, Ano 24, nº. 73, pp. 139-140
3. PINTOS BARRAL, Xoana, BERMEJO PATIÑO, Manuel R. e GONZÁLEZ NOYA Ana (2016). “Caroline Herschel vs. Marie Anne Paulze Lavoisier: dúas maneiras de facer Ciencia”. En XXIX Congreso de ENCIGA (Negreira), nº 83, pp. 81.